



## DEPUTACIÓN DE LUGO

### CONVENIO DE COLABORACIÓN EXCEPCIONAL ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DO CORGO PARA O “ARRANXO DA CONTORNA DO PAZO DO CORGO. FASE I”

Lugo, a 30 de decembro de 2014

#### INTERVEÑEN

Dunha parte, o Ilmo. Sr. don José Ramón Gómez Besteiro, presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo que actúa en nome e representación da entidade local, de acordo co disposto no art. 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, asistido polo Secretario Xeral da entidade, don José Antonio Mourelle Cillero.

E doutro, don José Antonio Ferreiro González, con NIF 33782978A, na condición de Alcalde- Presidente do Concello do Corgo, con CIF P-2701400J, que actúa en nome e representación da entidade local, en base ao disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas partes recoñécese mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente convenio regulador de subvención excepcional aceptándose reciprocamente as representacións en cuxa virtude actúan, de común acordo,

#### MANIFESTAN

**Primeiro.-** Que con data 30 de decembro de 2014, por Acordo da Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, aprobouse a concesión dunha subvención de carácter excepcional, a favor do Concello do Corgo, por importe de cincuenta mil euros (50.000,00 €), para levar a cabo o “Arranxo da contorna do Pazo do Corgo. Fase I”.

**Segundo.-** Que a concesión desta subvención se encadra no establecido no artigo 22.2 c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no establecido na Liña B.2., actuación C de Cultura, da Área de Cultura, Turismo, Ensino, Normalización Lingüística e Patrimonio Histórico do Plan Estratégico de Subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo, para o ano 2014.

**Terceiro.-** Que existe crédito adecuado e suficiente para fazer fronte ás obrigas económicas derivadas da subscrición do presente convenio na aplicación orzamentaria 3340.762 do orzamento xeral da Excma. Deputación provincial de Lugo, para o ano 2014, financiándose co suplemento de crédito aprobado por acordo do pleno de 29/07/14 con cargo a remanentes de tesourería.

E con base en tales antecedentes, ambas as dúas institucións consideran oportuno establecer un convenio de acordo coas as seguintes,

#### CLÁUSULAS

**Primeira.-** O obxecto do presente convenio é regular a subvención de carácter excepcional concedida pola Excma. Deputación Provincial de Lugo ao Concello do Corgo, para levar a cabo os gastos de execución do proxecto seguinte: “Arranxo da contorna do Pazo do Corgo. Fase I”.

**Segunda.-** A subvención inclúese dentro da Liña B.2., actuación C de Cultura, da Área de Cultura, Turismo, Ensino, Normalización Lingüística e Patrimonio Histórico do Plan Estratégico de Subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo, para o ano 2014.

**Terceira.-** O importe da subvención concedida pola Excma. Deputación Provincial de Lugo é de cincuenta mil euros (50.000,00 €), non tendo o dito importe o carácter de certo, xa que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total do proxecto, xa que a lo menos, o 5% do proxecto subvencionado deberá ser financiado pola propia entidade beneficiaria.

En caso de incumprimento do previsto no parágrafo anterior, procederase á redución da parte proporcional da achega económica provincial.

En ningún caso o importe da subvención concedida poderá ser de tal conta que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados supere o custo total da actividade subvencionada.



**Cuarta.-** Considéranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen entre o **1 de xaneiro de 2014 e o 31 de agosto de 2015.**

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución desta.

Para os efectos do disposto no artigo 31.1 e 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, considérase gasto realizado o que se acredite coa presentación das facturas e/ou xustificantes de gasto, sen que sexa necesario que este se atope pagado nin que se acredite o seu pagamento.

**Quinta.-** O orzamento estimado de gastos do Concello do Corgo para levar a cabo a realización do proxecto denominado “Arranxo da contorna do Pazo do Corgo. Fase I”, ascende á cantidade de cincuenta e catro mil douscentos quince euros con dezanove céntimos (54.215,19 €).

**Sexta.-** O beneficiario comprométese a desenvolver as seguintes accións, actividades e/ou comportamentos:

- Realización da seguinte actuación: “Arranxo da contorna do Pazo do Corgo. Fase I”.
- Ao pagamento de cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar o cumprimento das actividades a desenvolver en virtude do presente convenio.
- A obter e achegar as licenzas, permisos e autorizacións preceptivas e esixidas pola lexislación sectorial de aplicación, que pola súa natureza sexan precisas para a realización da actuación para a que se solicita a subvención, co fin de lle dar cumprimento á legalidade urbanística e de protección do patrimonio e do medio natural.

**Sétima.-** O beneficiario pode subcontratar con terceiros ata o 100 por cento do importe da actividade subvencionada.

**Oitava.-** O aboamento da subvención realizarase do seguinte xeito, e sempre que se cumpra expresamente o establecido no apartado c) da cláusula sexta do presente convenio:

O sesenta por cento do importe da subvención, é dicir, trinta mil euros (30.000,00 €), faranse efectivos mediante un anticipo a conta, con dispensa de garantía, a través de transferencia bancaria á conta corrente do beneficiario, unha vez asinado o convenio.

O corenta por cento restante, é dicir, vinte mil euros (20.000,00 €), aboaranse unha vez aprobada a documentación xustificativa da subvención, a través de transferencia bancaria á conta corrente do beneficiario.

Non se aboará a subvención se o beneficiario non está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

**Novena.-** Unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento e no prazo establecido, o beneficiario deberá xustificar a subvención mediante a presentación da seguinte documentación xustificativa:

- memoria da actividade xustificativa do cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención explicando as actividades e os resultados obtidos.
- memoria económica xustificativa do custo da actividade subvencionada, que conterá:
  1. Relación clasificada dos gastos, polo custo total da actividade, con identificación do acreedor e documento, importe e data de emisión.
  2. Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, orixinais ou copias autenticadas ou compulsadas e, no seu caso, certificacións de obra orixinais ou copias autenticadas ou compulsadas polo importe total do custe da actividade.
  3. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do concello do custo total da actividade subvencionada, indicando o importe do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade subvencionada atopase executado e as obrigas reconecidas ou liquidadas polo órgano competente.



## DEPUTACIÓN DE LUGO

4. Certificación expedida polo Interventor ou Secretario do concello de que, a acción ou comportamento obxecto da subvención, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.
  - No seu caso, acta de recepción.
  - Declaración responsable do representante do concello da relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para a actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou no seu caso, de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a actividade subvencionada.
  - Declaración responsable do representante do concello de estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e coa Seguridade Social e de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.
  - Declaración responsable do concello de que asumió o custo do imposto sobre o valor engadido (IVE), por non ter posibilidade de compensalo ou recuperalo.
  - Se é o caso se acompañarán documentos que acrediten que a imaxe corporativa de Deputación de Lugo – Vicepresidencia Primeira – Cultura, se inseriu na publicidade da actividade ou comportamento subvencionado. Estes documentos acreditativos poden ser substituídos por unha declaración responsable do beneficiario.
  - Documento bancario no que se indique o número da conta da entidade beneficiaria na que se procederá, no seu caso, ao aboamento da correspondente subvención.
  - No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: 2080-0163-85-3110000423. De non cumplirse esta obrigación, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e a esixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo solicitante. Non se procederá ao seu aboamento se o solicitante non está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

**Décima.-** A presentación da documentación xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario.

O prazo para a presentación da documentación xustificativa, comezaría unha vez finalizada a actividade subvencionada, e finalizará o 31 de outubro de 2015. Transcorrido este prazo sen ter presentada a documentación xustificativa, requiriríase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da documentación xustificativa neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobramento da subvención, o reintegro da cantidade aboada como anticipo a conta e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

**Undécima.-** En todo caso, a Excmo. Deputación Provincial de Lugo, a través dos seus órganos de control económico – financeiro, poderá en calquera momento inspeccionar e controlar o destino da achega económica realizada pola Deputación e o cumprimento dos fins para os que foi concedida. Para este efecto, o beneficiario da subvención poñerá a disposición dos devanditos órganos toda a documentación que lle requiran co fin de realizar un correcto control e inspección sobre os gastos para os que se concede a achega económica.

**Duodécima.-** Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes mediante addenda respectiva.

**Décimo terceira.-** O presente convenio terá vixencia dende o día seguinte a súa formalización ata 31 de agosto de 2015, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2014.

Este convenio non pode ser prorrogado.

**Décimo cuarta.-** Serán causas de resolución anticipada do presente convenio:

- A renuncia por escrito á subvención concedida
- A imposibilidade sobrevida, legal ou material, para desenvolver as actividades que constitúen o seu obxecto.



## DEPUTACIÓN DE LUGO

➤ O incumprimento grave ou manifesto das súas cláusulas.

**Décimo quinta.-** A Excma. Deputación Provincial de Lugo queda exonerada de toda clase de responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queda obrigado o beneficiario.

**Décimo sexta.-** En todo caso, a Excma. Deputación Provincial de Lugo, a través dos seus órganos de control económico financeiro, poderá en calquera momento inspeccionar e controlar o destino da achega económica realizada pola Deputación e o cumprimento dos fins para os que foi concedida. Para ese efecto, o beneficiario da subvención poñerá a disposición dos devanditos órganos toda a documentación que lle requiran co fin de realizar un correcto control e inspección sobre os gastos para os que se concede a achega económica.

**Décimo séptima.-** A información e datos correspondentes ás persoas/entidades/colectivos beneficiarios da presente subvención atópanse amparados pola Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal polo que tanto o beneficiario como a Deputación Provincial de Lugo gardarán segredo profesional sobre todas as informacións, documentos e asuntos aos que teñan acceso ou coñecemento durante a vixencia do convenio, estando obrigados a non facer públicos ou allear cantes datos coñezan como consecuencia ou con ocasión da súa execución, ata despois de finalizar o prazo de vixencia deste.

**Décimo oitava.-** O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase, ademais de polo disposto neste, polas normas de dereito administrativo que, directamente ou por analogía, puidesen resultar de aplicación. En particular, resulta aplicable o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo, do seu Regulamento orgánico, nas bases de execución do orzamento xeral de Excma. Deputación de Lugo e no Plan estratéxico de subvencións para a presente anualidade.

**Décimo novena.-** A Xurisdición Contencioso- Administrativa será a competente para resolver cantas cuestións litixiosas poidan xurdir entre as partes asinantes do presente convenio.

En proba de conformidade cos termos do presente convenio regulador, as partes comparecentes o asinan e rubrican por triplicado, para un só efecto no lugar e data expresados.

O Presidente

P.D. Decreto nº 2228/2012, de data 18-07-2012  
A Vicepresidenta

Lara Méndez López

O Alcalde-Presidente do Concello do Corgo

José Antonio Ferreiro González

O Secretario Xeral

José Antonio Mourelle Cillero